



DEN 9 OUTUBRO 2023

INTERVENCIÓN ANA PONTÓN.

Señor presidente do Parlamento:

Señor Rueda:

Convidados e convidadas, profesionais da comunicación, galegos e galegas que nos escoitan a través dos medios ou das redes sociais.

Señorías:

Este non é un debate máis do estado da nación galega. Penso que todos e todas somos conscientes de que non estamos ante un debate máis.

Este debate é o punto final dun goberno falido, o epílogo dun Partido Popular que representa o pasado, fronte ao BNG que representa o futuro ao lado da maioría social que quere cambio. Estamos ante un debate entre dous modelos: o do PP, que deixa unha Galiza máis pequena; e o do BNG, preparado para construír unha Galiza en grande. Estamos ante un cara a cara entre a submisión e a resignación do PP e a ambición e confianza no País que representa o BNG.

O cambio é imparable, señorías.

Imparable porque é o cambio que reclaman os mozos e as mozas ante a falta de oportunidades, o cambio que defenden os milleiros de persoas que se manifestan pola sanidade pública, o cambio que demanda a xente do rural, cando se levanta en contra dos abusos das eléctricas e o abandono dos gobernos.

O cambio que empuxan os científicos e as investigadoras, fartas de precariedade e *ninguneo*. O cambio polo que saímos as rúas o 8M, para dicir que nos queremos libres e iguais. O cambio que clama por un novo modelo económico sustentable para as persoas e para o planeta. O cambio de todas as persoas que levan a este País na cabeza e no corazón e reclaman menos centralismos e máis Galiza. É, en definitiva, **o cambio para gañar un País mellor.**

E para ganar ese País mellor hoxe quero falar de futuro, explicar **o proxecto de goberno que o BNG ten para Galiza**. Un proxecto asentado en tres firmes piares: Confianza, ambición, respecto.

1.- Confianza en Galiza, no seu enorme potencial e na capacidade dun pobo honesto, traballador e con talento, capaz do mellor.

2.- Ambición de País, para construír unha Galiza sen límites e poñernos na vangarda das nacións máis avanzadas.

3.- Respecto, porque Galiza merece ser respectada. Non imos permitir que a discriminación nos deixe atrás. Non somos máis que ninguén, pero tampouco menos.

Galiza necesita un goberno que confíe no seu potencial, que teña ambición de país e que faga respectar esta terra e a súa xente.

Quero falar de futuro, señorías. Pero se queremos acertar nese futuro debemos coñecer os erros do pasado, é preciso facer balance destes 14 anos. Porque *Galiza avanza* é só un slogan do PP, porque en realidade Galiza retrocede.

Empecemos con ese balance:

A Galiza que deixa o PP perde en poboación

Proclamaron que tiñan a solución, pero 14 anos despois temos unha maior crise demográfica. Como non tela cun goberno que é unha máquina de triturar as esperanzas da mocidade?

200.000 mozos e mozas colleron as maletas buscando fóra o seu futuro. A emigración impide 1.500 nacementos cada ano. Non é un dato do BNG señorías, é do Foro Económico de Galiza.

Perdemos poboación e temos o segundo índice de envellecemento máis alto do Estado, porque as súas políticas expulsan á mocidade e impiden o relevo xeracional. Están empeñados en que Galiza non sexa un País para os mozos e as mozas!

Todo isto ten o seu reflexo no mercado laboral.

Galiza ten menos poboación activa e menos poboación ocupada. Presumen de que baixou o paro, pero agochan que debido á sangría da emigración.

A dura realidade é que hai 51.700 persoas menos traballando que en 2009. Este goberno leva 14 anos sendo unha máquina de triturar emprego.

O PP deixa unha Galiza peor en servizos públicos

Temos menos sanidade pública

Recortaron 2.339 millóns de euros e hoxe somos a segunda comunidade que menos inviste en atención primaria. Só o fai peor Madrid.

A consecuencia é que, por primeira vez na historia neste país hai persoas enfermas e angustiadas nas súas casas esperando unha cita coa médica, porque converteron en normal as listas de espera en atención primaria.

Hai pais e nais preocupadas porque teñen aos seus fillos e fillas sen pediatra asignado, 11.000 nenos e nenas sen pediatra. Vivimos o disparate de ter PACs sen médicos e converteron en habituais o colapso nas urxencias.

Teñen ao persoal sanitario esgotado e maltratado. Pero a súa resposta, señor Rueda, non é buscar solucións, é buscar culpables, alegando falta de prazas MIR. Curioso, acordoulles a falta de prazas xusto no momento en que Rajoy saíu pola porta de atrás da Moncloa.

Botan balóns fóra dicindo que faltan médicos, mentres son incapaces de cubrir as prazas MIR, -39 vacantes na última convocatoria-, e dos que elixen a especialidade de familia, moitos renuncian a traballar en primaria. Por exemplo na área de Santiago, de 11 renunciaron 9; na de Vigo, de 17, renunciaron dez. Máis que faltar médicos, a realidade é que foxen de catorce anos de recortes e precariedade.

A Galiza que nos deixa o PP ten: 215.000 persoas agardando por unha primeira consulta hospitalaria, 46.000 por unha intervención cirúrxica e 250.000 por unha proba diagnóstica.

En relación á saúde mental a situación é dramática e vostede ben aquí a repetir o mesmo anuncio de fai un ano. Hai 8.000 persoas esperando por unha primeira consulta psiquiátrica. Póñanse por un minuto, señorías, na pel desas 8.000 persoas, moitos deles mozos, adolescentes, pense no seu sufrimento. Por iso, as familias que poden van á privada, pero as que non só poden acudir a ansiolíticos e antidepressivos. Non é decente que a túa saúde dependa do tamaño da túa conta bancaria.

Galiza encabeza o *ranking* de suicidios, pero seguimos á cola en número de profesionais en atención a saúde mental. Saben cantos suicidios houbo nos últimos 12 anos? Non o saben. 4.500 suicidios. Repito. 4.500 suicidios en 12 anos. É trágico.

Mentres todo isto pasa, aquí temos un goberno do PP que leva 14 anos sendo unha trituradora da sanidade pública en beneficio da privada.

A Galiza que deixa o PP perde en educación pública

Estreáronse suprimindo a gratuidade dos libros de texto, pecharon 159 centros educativos, sobre todo no rural. Recortaron as bolsas: hoxe dedican a metade que en 2009.

Mentres pechan centros na pública, a privada florece cunha cifra *récord* de unidades subvencionadas: case 4.000.

O investimento na privada aumenta e acumula 2.496 millóns de euros na última década. Son tan previsores que xa teñen reservados 1.900 M€ para o ensino privado até o curso 2028-2029! Ogallá foran tan previsores para garantir que todos os nenos e nenas de 0-3 anos terán praza na pública!

Fronte a un goberno que debería investir no futuro da sociedade a través da educación aquí temos un goberno do PP que leva 14 anos sendo unha trituratora do ensino público.

O PP deixa unha Galiza peor en benestar social.

A pobreza mantense por riba do 20% da poboación. Segundo a taxa AROPE, 635.000 persoas están en situación de risco de pobreza.

Temos as segundas pensións máis baixas e a porcentaxe de pensionistas en situación de pobreza extrema máis alta do Estado. Insisto, a máis alta de todo o Estado, o que significa que un de cada cinco dos maiores viven con menos de 480 €/mes.

Intente vivir con 480€ señor Rueda. Póñase nos zapatos de quen non ten nin para o básico. Pode que así se lle quiten as ganas de facerlle agasallos fiscais de 34 M€ ós máis ricos, mentres mantivo conxeladas as pensións máis baixas durante doce anos, doce.

Hoxe presumiu dos datos de dependencia cando en realidade estamos á cola. O gasto por persoa dependente é 1.600 euros menos que hai 14 anos. Galiza é a CCAA con menos solicitudes de dependencia de todo o Estado.

Non lles parece sorprendente tendo Galiza a segunda poboación máis envellecida? E xa de remate: temos menos solicitudes pero tardan máis en resolvelas, 370 días. Pódese facer peor señor Rueda?

O que o goberno do PP non fai quere cargalo sobre as costas das mulleres, porque en vez de garantir un sistema público de coidados no fogar, quere cargar esa responsabilidade nas mulleres, que son as que maioritariamente asumen os coidados, e quere facelo ao módico prezo de 416 euros ao mes. Así é como entende o PP a igualdade!

Súmenlle a isto un sistema fai negocio da vellez e que o Partido Popular mantén intacto pese ao drama vivido na pandemia. Un modelo con enormes deficiencias pero, en lugar de resolvelas, o señor Rueda manda perseguir ós inspectores e inspectoras que as denuncian. Un auténtico escándalo!

Pero un ámbito onde debo recoñecer que marcaron un récord. É a débeda pública. Nunca tanta débeda tivo Galiza 14.156 millóns de euros, 5.243 euros por habitante. Eu preguntome? Os galegos e galegas preguntanse? En que gastaron ese diñeiro señor Rueda, senón fixeron máis que recortar?

Son unha trituradora do estado do benestar.

Este foi o balance da Galiza social, vaíamos agora á Galiza económica. Estamos mellor ou peor? Están os nosos sectores producindo máis riqueza e emprego? Están abordando as grandes transformacións? A triste realidade é que non, porque o PP deixa unha Galiza peor nos sectores produtivos.

- 4.127 empresas menos.
- Unha caída do IPI de 13 puntos. Pero o Sr. Rueda ten un plan. O plan consiste en empequeñecer os proxectos estratéxicos. En 2011 eran os que creaban 250 postos de traballo e hoxe, 25 postos de traballo. Esta é a ambición coa que goberna o PP.
- Pero ademais cada vez menos explotacións agrarias, menos superficie cultivada e desapareceron 1.000 empresas do sector forestal-madeira.
- A pesca perdeu peso no PIB e a conserva e transformación de peixe soporta un intenso proceso de desgaleguización.

Como guinda da torta, o PP apoia a ocupación de 2.200 quilómetros cadrados de costa para encher de eólicos os nosos caladoiros. Sería un golpe de morte para o sector. Non llo digo eu, dillo a xente do mar.

Co este goberno perdemos 28.300 empregos na industria, 22.900 no agro e na pesca e 22.500 autónomos.

O goberno do PP leva 14 anos sendo unha trituradora dos nosos sectores produtivos e por riba, **deixan unha Galiza á cola en ciencia e innovación.**

Señorías, como queremos competir no mundo? Con salarios baratos ou con ciencia e innovación? No BNG temos clara a resposta.

Á vista dos datos, no PP tamén, xa que o investimento en ciencia está por debaixo da media estatal, é a metade da media europea e está a anos luz de países como Suecia, Alemaña ou Bélxica.

Non só invisten menos, e que nin sequera executan as partidas! Entre 2020 e 2022, deixaron sen gastar 154 M€ do *Plan galego de investigación, innovación e crecemento*.

O que pasou no último orzamento con este programa é un símbolo do desprezo á ciencia. Presupostaron 199 M€, despois recortaron 58 e a continuación deixaron sen gastar 45. En definitiva, os 199 M iniciais para ciencia quedaron reducidos a metade. Se vostedes non queren, non poden ou non saben, asegúrolles que no BNG sabemos como facer da ciencia e a innovación un sector potente.

Con estes datos non sorprende que Galiza exporte talento investigador a mans cheas.

Temos un Goberno do PP que leva 14 triturando as o noso sistema científico.

O PP deixa unha Galiza peor porque non converxe

En termos de PIB por habitante retrocedemos 13 puntos con respecto a Europa e apenas avanzamos sobre a media estatal.

Estamos por debaixo en produtividade e en investimento. A taxa de investimento en 2022 foi 6,5 puntos inferior á española e dez puntos menos ca europea. Esta preocupante tendencia mantense ao longo da última década. Unha proba de que o seu goberno non xera confianza entre o empresariado.

Nin dentro, nin fóra porque tampouco foron capaces de atraer investimento estranxeiro.

O ano pasado o Estado captou 34.000 millóns de investimento foráneo. Saben canto quedou en Galiza? O 0,5%. Calculen canto é? 172 millóns de 34.000. É posible facelo peor?

O que si temos é unha fuga do noso aforro para financiar investimentos fóra, en lugar de crear empresas e emprego aquí. Saben que isto? Espolio do aforro galego.

O PP deixa unha Galiza peor en autogoberno

Chegaron á Xunta proclamando o inicio “da maior fase de autogoberno de Galiza”. E citaban as transferencias prioritarias a reclamar, entre elas, adiviñen? A titularidade da AP9. Parece un chiste, señorías do PP? 14 anos despois: CERO novas competencias. CERO.

Quedar parado neste asunto é retroceder mentres outros avanzan: Cataluña conseguiu 11, Andalucía 14 e Euskadi 26 novas transferencias. Galiza cero e

acaban de votar en contra dunha proposta do BNG para reclamar 35 competencias ao Estado. Son como o can do Hortelano: nin fan, nin deixan facer.

Máis autogoberno significa máis ferramentas para mellorar a vida da xente, pero son un goberno fanático do centralismo, que leva 14 anos sendo unha trituradora do noso autogoberno.

O PP deixa unha Galiza peor no financeiro.

A liquidación das caixas ten un responsable claro, o PP, despois veu o peche masivo de oficinas e onde antes había oficinas e traballadores, agora temos caixeiros que se pagan con cartos públicos. É curioso, con vostedes a banca sempre gana.

Tampouco moveron un dedo para acabar coa discriminación de Galiza no modelo de financiamento, caducado desde 2014. En realidade si que moveron un dedo: para votar en contra das propostas do BNG reclamando ter a chave dos nosos cartos.

E seguen á contra, criticando o que fan outros, pero sen defender un financiamento xusto para este País. Son incapaces de facelo, porque temos un goberno do PP que leva 14 anos de submisión e servilismo a Madrid, poñendo os intereses partidistas por diante de Galiza.

O PP deixa unha Galiza peor en calidade democrática.

Converteron os medios públicos no aparato de propaganda do PP. Cinco anos de venres negros, a protesta contra a manipulación máis longa do Estado, mentres acumulan condenas por vulneración de dereitos laborais e fundamentais.

Aplican a súa prepotencia absolutista neste Parlamento, ocultando información para impedir o noso deber de control e hoxe o Goberno do PP é unha das administracións máis opacas que existen.

Necesitan a opacidade para pregarse aos intereses dos *lobbies* económicos, de feito o goberno galego é unha xestoría ao servizo das eléctricas.

Leva 14 anos sendo unha trituradora dos medios e das institucións públicas.

O PP deixa unha Galiza peor en medio ambiente e territorio

Estamos en plena emerxencia climática pero non sumaron nin un só metro cadrado á Rede Natura, estancada no 12% fronte ao 27% da media estatal. A explicación é moi sinxela, señorías: queren un territorio desprotexido para dar barra libre ao espolio eólico das eléctricas, que son as que mandan na Xunta.

Estamos á cola en reciclaxe, teñen o rural á monte, abandonado e pasto dos lumes. Medio Ambiente está entre as consellerías que menos executan, mostra do seu pasotismo neste tema. No fondo é comprensíbel, quedaron esgotados despois de tanto para traballar para as eléctricas aprobando até 3 leis para favorecer a depredación *do territorio*.

Mentres a emerxencia climática é un problema mundial, en Galiza temos un Goberno do PP que leva 14 anos sendo unha trituradora do territorio e a biodiversidade.

E para rematar este balanço da Galiza máis pequena que nos deixa o PP quero falar da cultura e lingua porque “se aínda somos galegos e galegas é por obra e gracia do idioma”. Pero o galego só recibiu deste Goberno ataques e desprezo.

Empezando por vostede, señor Rueda, colocado en primeira fila naquela indigna manifestación en contra do galego. Pero aínda nos esperaba o esperpento de ver ao presidente de Galiza, -accidental si, pero presidente-, votar nesta cámara en contra do uso do galego no Congreso. Unha vergoña que o perseguirá sempre e que demostra até que punto está vostede no lado equivocado da historia.

Co decreto da vergoña converteron o galego nun idioma de segunda no ensino, a única lingua do Estado que perde falantes. Co Partido Popular só avanza o monolingüismo en castelán.

O galego forma parte da nosa identidade como pobo, da nosa maneira de sentir e de estar no mundo, pero o Goberno do PP leva 14 anos sendo unha trituradora da nosa propia lingua.

Até aquí o balance destes 14 anos, triturando o presente e do futuro dun país.

E preguntolle: Que legado deixan?

Tiveron tempo: 14 anos de maiorías absolutas.

Tiveron recursos: unha inmensa cantidade de recursos: 166.814 millóns de euros.

Tiveron a oportunidade de transformar este país e subir a Galiza ao tren do século XXI. Pero deixan unha Galiza máis débil.

Tiveron a oportunidade de mellorar a vida das persoas, pero non o fixeron.

Tiveron a oportunidade de facer avanzar o autogoberno e a calidade democrática, pero non o fixeron. Ao contrario, déixanos unha Galiza peor, demostrando que non están a altura deste país, demostrando o estrepitoso

fracaso das súas políticas e que nada teñen que ofrecer. Saben... quen é parte do problema non pode ser parte da solución.

Por iso agora toca falar de futuro, e o BNG mira a ese futuro con esperanza, con confianza en Galiza e con ilusión porque son moitos os retos que temos por diante.

Para afrontalos, señorías, a mellor ferramenta da que dispoñemos é a POLITICA. Pero a política con maiúsculas, a que está para servir ás maiorías e NON as minorías, a que en lugar de flexionarse ante os poderosos defende o interese xeral.

A política con maiúsculas é a que pon os intereses de Galiza por diante dos intereses partidistas que lles impoñen desde sedes madrileñas.

Para afrontar o futuro fai falta ter confianza no País, en lugar de abonarse ao tópico interesado de que Galiza depende de Madrid, cando é Madrid quen pararía sen a electricidade que se produce nos nosos ríos e nos nosos montes.

Para afrontar o futuro hai que dialogar, negociar, exercer un liderado de man tendida, lonxe da súa prepotencia e soberbia.

Para afrontar o futuro, Galiza precisa un goberno que confíe no País; con proxectos estratéxicos e transformadores, que vaian ao fondo dos problemas e permitan construír, con bases firmes e sólidas, unha Galiza con futuro.

E dese futuro quero falar agora. Dos retos que temos por diante e do proxecto de goberno do BNG para afrontalos e poñer en marcha unha nova Galiza: forte, orgullosa, próspera, na que vivir e traballar; unha Galiza científica, verde, inclusiva e feminista.

Paso a detallar o programa dese goberno de futuro en dez retos estratéxicos.

Primeiro reto estratéxico: Benestar social e calidade de vida da cidadanía.

Galiza merece un goberno que aporte benestar, capaz de darlle ás persoas tranquilidade ante a enfermidade, ante a vellez, ante calquera adversidade nas súas vidas. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero que os galegos e as galegas vivan mellor.

Para iso é prioritario reforzar os servizos públicos, empezando por sanidade.

- Fortalecendo atención primaria contratando persoal en todas as categorías, ampliando servizos e destinando a primaria o 25% do orzamentos do SERGAS.

- Hai que reducir as listas de agarda hospitalarias cun plan de choque en intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas. Será unha medida que adoptaríamos nos cen primeiros días de goberno.
- Cómpre tomarse en serio a planificación da formación MIR, sobre todo nas especialidades deficitarias.
- O complemento por dedicación exclusiva na pública SÓ se pagará ao persoal sanitario que teña esa exclusividade. Un goberno do BNG non cometerá a inxustiza de incentivar con cartos públicos que se traballe na sanidade privada.
- Para o BNG será unha prioridade implantar un plan de saúde mental ambicioso, con recursos e prazos. Non podemos mirar para outro lado cando o suicidio é a segunda causa de morte entre a xente moza.
- A saúde é o ben máis prezado. Recortar en sanidade é quitarlle ás persoas o que máis valoran. Nunca me verán nese lado, señorías. Sanidade pública sempre.

Educación

Galiza merece un goberno que entenda a educación como o mellor dos investimentos. Quero ser a presidenta dese goberno porque sei que a educación pública é a mellor maneira de darnos as mesmas oportunidades de futuro.

Para cumprir ese compromiso nos cen primeiros días de goberno, recuperaremos a gratuidade dos libros de texto. Ademais, contrataremos profesores e profesoras até compensar os recortes do PP, blindaremos a escola rural e reduciremos as ratios en todo os niveis educativos.

A educación é o pasaporte ao futuro. Todo o que lle deamos hoxe aos nenos e nenas, é o que elas lles darán mañá a sociedade.

Maiores

Galiza merece un goberno que defenda o dereito a unha vellez digna, fronte a quen converte ese dereito nun negocio. Quero ser a presidenta dese Goberno, porque quero garantir o benestar das persoas maiores.

Para iso, hai que pasar dun modelo privatizado a un modelo de xestión pública.

Sabemos que non se logra en dous días, pero traballaremos nesa dirección, empezando por unha xestión 100% pública de todas as novas residencias. Queremos darlle un xiro de 180 ao modelo, porque o obxectivo é que as

persoas maiores teñan unha vellez activa e que pasen esa etapa vital nas súas casas. A residencia debe ser o último recurso.

Temos a obriga moral de darlle aos nosos avós e avoas, pais e nais seguridade e coidados, a mellor vellez posible.

Crise de prezos

Galiza merece un goberno que apoie a quen máis o necesita, que se preocupe polas maiorías sociais e non polo grandes patrimonios. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza solidaria.

Por iso, a crise de prezos será unha prioridade con medidas urxentes: Recuperar a tarxeta básica, aumentar o tramo autonómico das pensións non contributivas, facer compatible a RISGA co IMV e un fondo de rescate hipotecario financiado pola banca.

Segundo reto prioritario: Transformar a economía para producir máis de maneira sustentábel.

Porque a mellor receita para ganar a batalla á crise económica e demográfica é crear riqueza e emprego de calidade. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza produtiva en todos os campos.

Empezando por potenciar un **tecido industrial** de PEMES nos sectores estratéxicos cun *Instituto Galego de Crédito* e un *Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial* e o obxectivo elevar o peso da industria até o 25% do PIB.

Todos os países avanzados teñen un medio **rural** forte, e queremos ser un deles. Entre as liñas estratéxicas: discriminación positiva en materia de servizos; mobilizar 50.000 hectáreas de terra agrícola abandonada; nova política forestal, facer cumprir a *Lei da cadea alimentaria* para evitar a especulación e garantir rendas dignas a quen fai o traballo duro: os nosos produtores e produtoras.

Miles de empregos depende da **pesca**. Un goberno do BNG vai poñer a nosa xente do mar por riba da rapina das eléctricas, solicitando a retirada do POEM.

Rexeneración das rías, apoio ao complexo mar-industria, mellorar a comercialización e aposta polo relevo xeracional serán claves na nosa acción de goberno, porque queremos seguir sendo unha nación pesqueira.

Non queremos unha Galiza de varias velocidades, senón cohesionada. Para iso propoñemos un *Fondo de equilibrio territorial para infraestruturas e servizos*, porque non pode haber galegos de primeira e de segunda.

Terceiro reto prioritario: Colocar Galiza na vangarda científica

Galiza merece un goberno que aposte pola ciencia e pola innovación, porque son o futuro. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza na vangarda da ciencia e do coñecemento.

Para logralo, impulsaremos o *Pacto galego pola ciencia*, fixando como obxectivo un investimento equivalente ao 3% do PIB, a definición da carreira investigadora e creando o INNOGAL, cuxa prioridade será captar e reter talento científico. Nunca máis unha ciencia precaria!

Cuarto reto prioritario: Emerxencia climática e modelo enerxético

Galiza merece un goberno que se tome en serio o cambio climático, que non confunda enerxía verde con espolio verde, que coide o territorio, o medio ambiente a biodiversidade. Quero ser a presidenta dese Goberno, porque quero deixarlle as novas xeracións un país habitable.

Elaboraremos unha *Lei galega contra o cambio climático* desde o consenso e a participación e crearemos un *Fondo de conservación da natureza* que defenda a biodiversidade, aplicaremos unha fiscalidade verde e ampliaremos a Rede Natura para protexer como mínimo o 20% do noso territorio.

Unha Galiza en verde non pode desligarse do modelo enerxético. Quero ser clara: pararemos o boom eólico depredador das eléctricas. Eólica si, pero ao servizo dos galegos e das galegas.

Eólica si, pero cun modelo con participación pública, a través dunha empresa pública. Un modelo exemplar no ambiental, que respecte o rural, que aporte e reteña riqueza, emprego e beneficio social.

Quinto reto prioritario: Autogoberno político e financeiro

Galiza precisa un goberno que entenda que máis autogoberno, máis capacidade de decisión son ferramentas para mellorar a vida das persoas. Quero ser a presidenta dese Goberno, porque quero que Galiza xogue na liga das nacións.

O primeiro paso para dar un salto adiante en autogoberno e reclamar todas a transferencias pendentes do Estatuto, que 40 anos despois aínda está sen cumprir.

Hoxe está sobre a mesa o debate do modelo territorial, e Galiza non pode estar desaparecida. Por iso, defendemos , desde o diálogo e o acordo, un novo status político de nación, onde as decisións relevantes estean en mans da

ciudadanía galega. Apelamos a algo de sentido común: decidir nós sobre o noso!

En materia de financiamento señorías, o obxectivo estratéxico é darlle a Galiza a chave dos nosos cartos, un concerto económico como teñen Euskadi e Navarra. E que ben lles vai!

De camiño a ese obxectivo temos propostas para avanzar en autonomía financeira:

Ampliar até o 90% a porcentaxe de IVE e IRPF cedidos; reclamar o imposto de sociedades e facer que tributen aquí as empresas con actividade aquí: Iberdrola, Naturgy, Endesa e tantas outras deben pagar impostos en Galiza xa que se forran cos nosos recursos naturais. É DE XUSTIZA!

Só un goberno incompetente renuncia a ter máis competencias, só un goberno incompetente prefire estar tutelado desde Madrid. Teño a firme determinación de darlle a Galiza un goberno competente que confíe na capacidade e no potencial do País.

Sexto reto prioritario: Infraestruturas e acceso á vivenda

Galiza merece un goberno que non trague coa continua discriminación que nos impoñen as forzas estatais. Quero ser a presidenta dese goberno, coas mans libres.

Lembran o rescate multimillonario das radiais madrileñas? Por máis atrancos que poñan imos demostrar que tamén é posible unha AP9 galega e libre de peaxes.

Non imos permitir que o Corredor Atlántico quede atrás, mentres avanza o do Mediterráneo.

Propoñemos un plan para facer competitivos aeroportos e portos.

Apostamos pola mobilidade intermodal, cunha tarxeta única para as persoas usuarias e un tren do século XXI, que conecte as nosas vilas e cidades con frecuencias e prezos adaptados ás necesidades da xente.

En materia de vivend, quero empezar por facer unha reflexión. Anunciaba hoxe 1.900 vivendas. Esta é a propaganda. Vexamos cal é a realidade:

- 2015, 0 vivendas
- 2016, 1; 2017, 2; 2018, 0 vivendas, en 2019, 0 vivendas: 2020, 11. E despois deste exceso, en 2021 volvemos a 0 vivendas. E 2022, 8 vivendas. En total 22 vivendas públicas en sete anos. Esta é a realidade,

o resto propaganda que xa non lle compra ninguén, e menos os mozos e mozas para as que acceder a unha vivenda é misión imposible.

Hai que recuperar a política social de vivenda dinamitada polo PP, apostar polo aluguer subvencionado e poñer en marcha un plan de mobilización de vivenda baleira.

Sétimo reto prioritario: Estratexia internacional

Galiza merece un goberno sen complexos que nos posicione con perfil propio a nivel internacional. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza que se mova polo mundo con orgullo.

A relación con Portugal é esencial, con tres asuntos clave: As conexións ferroviarias, desenvolvemento económico da Eurorrexión e impulsar as sinerxías lingüísticas e culturais.

Crearemos unha oficina permanente en Bruxelas que faga forza a favor de Galiza ante a Unión Europea.

Apostaremos pola internacionalización da nosa lingua coa creación do *Instituto Rosalía de Castro*. Imos poñer fin a anomalía de que o galego sexa o único idioma do Estado sen unha institución que o difunda e o promova.

En definitiva, Galiza no mundo, poñendo os nosos intereses por diante, sobre todo cando temos a miles e miles de galegos e galegas fóra do País.

Oitavo reto prioritario: Avanzar nunha Galiza feminista, inclusiva e igualitaria

Galiza precisa un goberno que traballe por un País no que sexamos libres e iguais, como nos reclaman as mulleres cada día. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza diversa e inclusiva.

En igualdade hai que poñer o turbo. Propoñemos destinar o 1% do orzamento a loitar contra a violencia de xénero, multiplicar por dez o investimento actual, par a protexer ás mulleres do terrorismo machista.

Un goberno do BNG fará da igualdade un obxectivo, con medidas conta a fenda salarial, coa inclusión de cláusulas de igualdade na contratación pública e facilitando a conciliación.

Para min é un compromiso político e persoal lograr que a maternidade deixe de penalizar as mulleres.

Poden ter a total seguridade de que o BNG sempre combaterá aos que prenden a mecha do odio e da intolerancia.

Noveno reto prioritario: Lingua e cultura

Galiza merece un goberno orgulloso do noso idioma e do inmenso talento dos nosos creadores e creadoras. Quero ser a presidenta dese goberno, porque a nosa lingua e cultura non teñen límites.

Aumentaremos o investimento no sector cultural e poñeremos en marcha un plan de apoio á creación e difusión cultural en galego.

Traballaremos por un *Pacto pola lingua* para recuperar o consenso que vostedes esnaquizaron por puro sectarismo político.

Derrogaremos o decreto da vergoña, o galego deixará de estar minorizado no ensino; daremos preferencia a recuperar o uso do galego na infancia e na mocidade, porque son o futuro e queremos mil primaveras máis para a nosa lingua.

Décimo reto prioritario: Defensa da democracia e dos dereitos sociais

Galiza merece un goberno capaz de darnos unha democracia de primeira. Quero presidir ese goberno, porque quero unha Galiza de cidadáns libres e informados.

Empezando por darlle á cidadanía uns medios de comunicación públicos independentes, no que a dirección da TVG sexa nomeada mediante concurso público.

Trataremos a este Parlamento co respecto que merece, sen soberbia e sen pensar que temos a verdade absoluta. Faremos un reparto xusto dos cartos públicos, sen partidismos, nin discriminacións.

Quitarei a cadeira que as eléctricas teñen no Consello da Xunta, basta de gobernar para ás grandes multinacionais, para os ricos e poderosos.

Os galegos e as galegas teñen o meu compromiso de que, se me dan a súa confianza nas vindeiras eleccións, gobernarei sempre para a maioría social.

Señorías,

Galiza merece un goberno que funcione, un goberno con ambición e orgullo do que somos, como País e como pobo. E quero ser a presidenta dese goberno, para colocar a Galiza no lugar que lle corresponde: entre as nacións máis avanzadas do mundo e onde as persoas vivan mellor.

Porque estou, estamos convencidas e convencidos, que é posible unha Galiza mellor. É posible.

Á xente moza quero dicirlle que é posible unha Galiza na que poidades cumprir os vosos soños, desenvolver os vosos proxectos, na que vivir e traballar.

Ás persoas maiores quero dicirlles que é posible unha Galiza na que desfrutar dunha vellez digna, tranquila, no que o voso benestar estea por riba de calquera interese económico.

Ás científicas e científicos quero dicirlles que é posible unha Galiza que impulse a ciencia e a innovación, imprescindible para afrontar os grandes retos.

Ás mulleres quero dicirlles que é posible unha Galiza capaz de romper teitos de cristal e despegarse de chans pegañentos. Temos claro que o futuro será feminista ou non será.

Ás persoas que cada día se esforzan no traballo, nos seus negocios, no rural, no mar, nas fábricas.. quero dicirlles que é posible unha Galiza que permitan unha vida digna.

Ás creadoras e creadores, quero dicirlles que é posible unha Galiza que abrace o voso talento, que nos fai máis grande como País e máis felices como sociedade.

Quero ser a presidenta desta Galiza posible, coa man tendida, sabendo que todos e todas somos necesarias para construír a Galiza en grande que queremos e merecemos. Esa Galiza está en marcha, é a Galiza que vén, imparable, grazas a esa maioría que quere cambio, que quere abrir un tempo novo, de esperanza e de futuro, para nós e para os nosos fillos e fillas.

Moitas grazas.

